

A extrañeza feita relato

Aptos para público
arrichado

MONTSE PENA PRESAS

Dicir Xabier Cordal significa, irremediabilmente, invocar o colectivo Roseltz e con el os *Unicornios de cenoiras que cabalgan os sábados*, o que seguramente é o libro máis punk, divertido e irreverente da literatura galega de todos os tempos. Pese a isto, Cordal conta cunha obra poética individual ben recoñecida que continúa a arraquer –o seu último poemario, resistencia da auga aínda se publicou en 2018. Máis inédita era a súa faceta como narrador, se ben a súa habilidade neste xénero xa se apreciaba nas súas colaboracións en prensa. Agora, con *Relatos para televisión* demostra que os fíos da súa poética traspasan fronteiras formais e que o seu xogo continuo coa sorpresa, coa inesperado, funciona.

Un mozo recibe na súa casa un camión con palés que conteñen a súa vida escrita, velaí o marco xeral do que parte o autor para introducirmos nun mundo que ten moito de metaficcional, é dicir, no que o relato se come ao relato, como se dunha caída polos labirintos do imaxinado se tratase –observen acaídamente a curiosa cuberta da obra.

Dende esa postura, estas historias apostan por unha lectora activa, que tenta buscar primeiro un sentido, para atoparse logo de fronte coa incomodidade e coa extrañeza.

Os relatos tamén coinciden nun manexo da linguaxe e dos seus rexistros moi preciso e certa heteroxeneidade espacial e temporal (mesmo con algunhas visitas a un futuro quizais esperable) que por momentos atorda. O sorprendente dos seus personaxes, que o autor leva ao límite da incredibilidade, ben se pode relacionar coa fondura destas historias: unha crítica social aguda ao mundo no que vivimos e ao que está por vir, presumiblemente unha sociedade consumista, con demasiado ruído e pouco que achegar ás persoas, na que outros “seres” poden acabar tendo o control. A independencia de cada un dos textos converte a este *Relatos para a televisión* nunha sorte de *black mirror* narrativo só apto para público arrichado que non teña medo de construír a ficción nin de pensar criticamente.

CORDAL, Xabier, *Relatos para televisión*, Ed. Xerais, Vigo, 2019, PVP.17 €

